



GRAN LOGIA DE ESPAÑA

1889

GRANDE ORIENTE ESPAÑOL

De Masones Antiguos, Libres y Aceptados



CARTA ABERTA ÁS INSTITUCIÓN ESPAÑOLAS

O 24 de xuño de 2017 os masones de todo o mundo celebramos o noso tricentenario. **Hai 300 anos a Masonería atreveuse a soñar cun ideal** para a Humanidade sostido sobre principios sinxelos: o dereito a pensar e o deber de tolerar. A liberdade de conciencia, **a liberdade de pensamento**, que mergulla a todo ser humano **na aventura de coñecerse e construírse**; e a **tolerancia fraternal** cara ao outro, o respecto cara á dignidade humana **máis aló de credos, clases sociais, razas, ideas ou nacións**. Lamentablemente, o mundo está moi lonxe de ser un lugar que

acepte os sinxelos ideais que fixamos hai 300 anos. Todos os **fundamentalismos relixiosos**, todos os **totalitarismos políticos**, todos os pensamentos únicos coñecidos polo mundo perseguiron os ideais dunha institución que hoxe segue estando **severamente ameazada en 23 países do mundo**.

En España, onde **sentimos o amparo e a protección das institucións democráticas**, desde a Gran Loxa de España quixésemos convidalas, a todas elas, desde as Cortes ao máis pequeno dos Concellos, e a todas as persoas de bos costumes a **unirse á celebración global deste tricentenario** mediante a adopción dunha sinxela e breve declaración institucional.

"En 2017 a Masonería celebra en todo o mundo o tricentenario dos seus ideais de librepensamento e tolerancia fraterna entre todos os seres humanos. A través desta declaración institucional unímonos ao recoñecemento da honorabilidade destes principios co desexo de que no século XXI vexamos o día en que cese o sufrimento daqueles que aínda hoxe sofren persecución, sancións, condenas penais, exilio ou son executados por mor da defensa da Masonería e dos seus ideais profundamente democráticos."

Óscar de Alfonso Ortega
Gran Mestre da Gran Loxa de España – Grande Oriente Español